

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE INFORMACIÓN SOBRE A UNIÓN EUROPEA E DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN EUROPEA, DESTINADOS A XUVENTUDE GALEGA, NO EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Europa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, e dada a súa finalidade, poderán subvencionarse con cargo ao mesmo actividades e funcionamento da oficina desde o 1 de xaneiro do 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e maila Fundación Galicia Europa para a realización de actividades de información, documentación e asesoramento a mocidade galega que demanda información sobre a Unión Europea, así como para apoiar o desenvolvemento de proxectos europeos no seu beneficio ou, en xeral, accións de dimensión europea que teñan como beneficiarios á xuventude galega. Ditas actividades levaranse a cabo en coordinación coa Rede Galega de Información Xuvenil, unidade adscrita Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado encargada do desenvolvemento e coordinación das actividades de información en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



A Fundación Galicia Europa é unha fundación pública creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, tendo entre os seus obxectivos, contribuír á formación europea dos/as mozos/as galegos/as e difundir información de interese para a sociedade galega sobre a Unión Europea e as súas actividades. Para isto conta con diversas canles de difusión de actualidade comunitaria de interese para os mozos e as mozas.

En base a isto, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, nos termos recollidos no artigo 19.4a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia así como do artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, establécese a subvención que recolle o convenio que nos ocupa con carácter nominativo, polo que non é posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria electronicamente, en Santiago de Compostela,

Cristina Pichel Toimil

